



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE A LARACHA.**

**1.OBXECTO DO CONTRATO**

O obxecto do presente contrato é a prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) por libre concorrência e do Servizo de Axuda no Fogar a persoas en situación de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia e que no Programa Individualizado de Atención de recursos teñan o SAF como recurso asignado, ou como respiro complementario de outro recurso e/ou prestación.

A empresa adxudicataria deberá prestar o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para persoas dependentes valoradas e con PIA aprobado co recurso asignado de SAF, así como as persoas que accedan ao SAF básico por libre concorrência ata un máximo de 7.500 horas ao ano, así como as prestacións complementarias a estas.

**2. MARCO NORMATIVO**

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE Nº 80 do 3 de Abril de 1985) establece no artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no capítulo II do título I, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar como un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no propio domicilio, para facilitar o desenvolvemento e permanencia no contorno habitual. Esta mesma lei establece no artigo 11. f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión do servizo de axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa autonómica que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedimentais e organizativos da axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello da Laracha, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de auto organización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través ordenanza publicada no BOP nº 147 de data 1 de agosto de 2024.

### **3. CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO**

O SAF enténdese como a prestación dun conxunto de atencións ás persoas no seu fogar, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desaxuste familiar.

Así mesmo, é un Servizo que non substitúe á familia nas responsabilidades de atención ós beneficiarios e pretende potenciar as capacidades das persoas para facilitar e promover a súa autonomía.

#### **3.1 Obxectivos :**

- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio
- Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social
- Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- Retardar ou evitar a institucionalización.
- Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

### 3.2. Destinatarios

O SAF está aberto a tódalas persoas ou unidades de convivencia domiciliadas no Concello da Laracha para ás que, de acordo á valoración técnica correspondente, e o procedemento establecido, se atope nalgunha das situacións prevista no Regulamento dos SAF do Concello da Laracha, e supoña un recurso idóneo de atención.

De xeito particular o servizo atenderá a:

- Persoas maiores con déficit de autonomía e persoas con diversidade funcional, especialmente cando carezan de apoio no seu medio inmediato.
  - Fogares con menores, nos que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socio-educativo.
  - Como resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.
  - En xeral cando exista unha desatención social ou familiar, avaliada tecnicamente, que xustifique a intervención do servizo.
  - En todo caso, darase prioridade de acceso ó servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) e se lles asigne este recurso na correspondente resolución do programa individual de atención (PIA), de acordo coa aplicación do programa de asignación de recursos (PAR-SAF), establecido por lei. Incorporaranse ó servizo SAF con posterioridade á correspondente instrución do expediente administrativo municipal.

De acordo ós criterios de carácter xeral establecidos no Regulamento municipal da prestación do servizo de axuda no fogar deste concello.

Para a prestación básica, o número de usuarios do servizo e as horas de prestación aos mesmos virán condicionadas polo carácter máximo do número anual de horas que o prego de cláusulas administrativas recolle para este tipo de prestación na cláusula 4.1 (7500 horas



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

ao ano). A tal efecto, o departamento de servizos sociais poderá crear unha lista de espera cos usuarios que teñan quedado excluídos do servizo por este motivo.

#### **4. PRESTACIÓNS DO SERVIZO OBXETO DO CONTRATO**

Todas as accións desenvolvidas dende o SAF terán un carácter de reforzo e non substitutivo das capacidades do usuario e de outras persoas do seu entorno máis próximo. Nunca se prestarán atencións que o propio beneficiario ou a súa familia poidan desenvolver por si mesmos, fomentando de este xeito a súa autonomía.

De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais que en cada caso correspondan, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atencións:

- Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
  - Asistencia para levantarse e deitarse.
  - Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
  - Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
  - Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos. (Anexo II).
  - Administración cando proceda de medicamentos (Anexo II).
  - Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
  - Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- Calquera outra valorada tecnicamente que supoña unha mellora na súa autonomía.
  
- Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:
  - Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos. As saídas fóra do domicilio realizaranse con medios propios da persoa usuaria, de xeito que o auxiliar realice só funcións de acompañamento, non de traslado, e axustaranse ao tempo de servizo adxudicado.
  - Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes: No caso de xestións de tipo económico a empresa deberá contar coa autorización por escrito do beneficiario ou representante legal e deberá comunicalo con anterioridade ao responsable municipal do SAF do Concello-
  
- Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
  - Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
  - Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
  - Preparación dos alimentos. Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de alimentación a domicilio coma “Xantar na Casa”. No caso de que exista lista de espera en “Xantar na casa”, valorarase tecnicamente a necesidade de elaboración das comidas.
  - Lavado e coidado das prendas de vestir da persoa usuaria, comprendendo as tarefas de lavado, recollida, pasarlle o ferro, ordenala e outras análogas, e se é o caso, por programas de lavandería específicos
  - Coidados básicos da vivenda.
  
- Atencións de carácter psicosocial e educativo:
  - Intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e a integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

A realización de todas estas atencións de carácter básico estarán supeditadas á valoración técnica do persoal dos servizos sociais comunitarios.

Unha vez garantido o nivel básico de atención e segundo valoración técnica poderanse incorporar os seguintes tipos de actuacións:

- Atencións de carácter complementario:
  - Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
  - Servizo de préstamo de axudas técnicas ou produtos de apoio para persoas en situación de dependencia.
  - Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguemento, teleasistencia e similares.
  - Adaptacións funcionais no fogar.
  - Servizo de podoloxía a domicilio.
  - Servizo de fisioterapia a domicilio

A empresa adxudicataria deberá adaptarse na súa prestación a todo o disposto no Regulamento Municipal do Servizo Axuda no Fogar do Concello Da Laracha, publicada no B.O.P. nº 147 do 1 de agosto de 2024.

- Atencións excluídas do servizo:
  - A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
  - Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- Tarefas domésticas relacionadas a continuación:
- Limpeza de altos, lámpadas, cortiñas, teitos, paredes e humidades, limpeza xeral e limpeza de zonas comúns como portais e escaleiras, cristais, laceras, interiores de mobles de cociña, campá extractora e outros en xeral (recollida de leña, lavado de roupa a man e outras que se valoren tecnicamente).
- Limpeza xeral de estancias valeiras.
- Tarefas de tipo agrícola e/ou gandeiro ou xardinería.
- Alimentación e aseo de animais de compañía nin doutro tipo.
- Facer tarefas dentro da vivenda que deberían ser realizadas por profesionais tales como empapelar paredes, pintar teitos ou paredes...

A realización destas atencións excluídas do servizo estará supeditada a valoración técnica do persoal dos servizos sociais comunitarios.

#### **4. DURACIÓN E INTENSIDADE DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

O Servizo de Axuda no Fogar estará rexido polos seguintes horarios, que deberán respectarse tanto por parte dos beneficiarios e persoas do seu contorno como por os profesionais e voluntarios que interveñan no Servizo.

##### **1. Usuarios/as en situación de Dependencia:**

A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe social técnico.

A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas usuarias con dependencia valorada, están predeterminadas no seu Programa Individual de Atención (PIA). A súa





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

aplicación horaria será flexible e conforme ao proxecto de intervención, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, todos os días da semana.

Cando a persoa usuaria manifeste o desexo de dispoñer de menos horas do mínimo do intervalo que marca a normativa para o seu grao, ou así se acorde entre a persoa usuaria e o seu/súa traballador/a social, deberá facerse constar por escrito e será engadido ó seu expediente.

Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada pola valoración feita polos servizos sociais comunitarios básicos e o correspondente proxecto de intervención. O tempo de atención aos usuarios poderá ser modificado en función das variacións que se produzan nas súas circunstancias persoais ou familiares, e pola dispoñibilidade dos medios do servizo.

## 2. Usuarios/as de libre concorrencia:

O tempo de atención e a periodicidade do servizo determinarase en cada caso, pola necesidade que presente a persoa, a criterio profesional do técnico responsable do servizo do concello da Laracha, que poderá modificarse en función das variacións que se produzan na situación persoal e familiar baremables, ou por necesidade da organización do servizo, que en todo caso deberá notificarse cunha antelación dun mes á persoa usuaria.

A franxa horaria da prestación é a seguinte:

- Horario de prestación do servizo será de luns a domingo, de 8:00 horas a 21:30 horas.
- De xeito excepcional, e a criterio da persoa técnica responsable do Servizo de Axuda no Fogar do Concello da Laracha, poderá prestarse os domingos e festivos.
- No día non se pode superar as 2 horas diarias de atención, podendo ampliarse unha hora máis de xeito excepcional a criterio da persoa técnica responsable do servizo.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- A duración mínima de prestación do servizo de axuda no fogar será de 30 minutos de luns a domingo.

## **5. PROCEDEMENTO DE ALTA, BAIXA, SUSPENSIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVICIO.**

O Concello comunicará á empresa, a través de sistemas de información, preferentemente soporte informático, telemático, correo electrónico, etc. E dos correspondentes ficheiros de intercambio, as propostas de Altas nos servizos de cada un dos usuarios/as, previa conformidade destes, coas seguintes especificacións:

- Comunicación de Alta
- Identificación, enderezo e teléfono da persoa usuaria e persoas de contacto.
- Informe social que recolla os datos necesarios para unha axeitada prestación do servizo
- Pauta médica prescrita se o servizo inclúe administración e supervisión de medicamentos prescritos por facultativos.
- Copia do acordo de servizo subscrito entre o Concello da Laracha e a persoa usuaria, que conterá a ata de comezo do servizo, a intensidade horaria mensual ou semanal segundo ós caos e tipo de atención a prestar, que será engadida no proxecto de intervención individual, a elaborar pola empresa adxudicataria, con especificación das tarefas a executar polo persoal.
- Características especiais de atención correspondentes a cada usuario.

A empresa adxudicataria deberá estar en disposición de xestionar as altas iniciais trala adxudicación do contrato.

O comezo dos servizos realizarase pola empresa adxudicataria nos seguintes prazos, engadindo a comunicación de alta cursada polo Concello da Laracha.

- a) Servizo concedido pola vía ordinaria: non poderá ser superior a sete días naturais dende a comunicación por parte do concello.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- b) Servicio concedido pola vía de urxencia : deberá ser inmediato e en ningún caso deberá exceder das 48 horas seguintes.

A valoración do susposto de urxencia será determinada polos servizos sociais do Concello da Laracha.

Cando a modificación do servizo acordado polo concello afecte a súa intensidade (modificación do número de horas de prestación), procederase do mesmo xeito que no caso das altas no servizo, de acordo coas modificacións establecidas no programa individual de atención ou informe social.

A empresa adxudicataria poderá propoñer ao concello a modificación da prestación do servizo ó usuario e estará obrigada a comunicar calquera circunstancia que supoña unha modificación necesaria.

Calquera incidencia relativa o proxecto de intervención requirirá de conformidade municipal.

As suspensións temporais e baixas do servizo serán comunicadas polo concello á empresa adxudicataria, e esta, en caso de ter coñecemento con anterioridade, deberá comunicalo ao concello a maior brevidade posible sinalando as datas concretas das suspensións ou baixas. Esta comunicación poderá realizarse por medios electrónicos.

## **6. COORDINACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN E A EMPRESA ADXUDICATARIA.**

Dadas as características da poboación beneficiarias do SAF e perseguindo a calidade na prestación do servizo, a coordinación entre o Concello da Laracha e a empresa adxudicataria a de ser fluída.

Os servizos sociais comunitarios do concello da Laracha fixarán as canles e as reunións periódicas ordinarias e extraordinarias para a coordinación dos servizo



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## **6.1 CORRESPÓNDELLE AO CONCELLO**

- É potestade do Concello a supervisión, vixilancia, control, fiscalización e avaliación continuada da xestión/dirección da prestación dos servizos obxecto do contrato, así como das posibles modificacións de acordo á Lei, asemade dos proxectos de intervención deseñados para cada usuario e das súas posibles modificacións. A empresa adxudicataria terá que axustarse ao que estableza ó respecto o Concello.
- Fixar as reunións periódicas co coordinador/profesional nomeado pola empresa
- Mediar naquelas situacións de conflito que poidan xurdir cos usuarios destinatarios da prestación do servizo.
- O concello, previa fundamentación, poderá esixir á empresa o cambio do persoal adscrito ó beneficiario/a, si o considerase necesario para o bo funcionamento do servizo.

## **6.2 CORRESPONDELLE A EMPRESA ADXUDICATARIA DOS SERVIZOS OBXETO DE CONTRATO**

- Dispoñer dunha oficina no termo municipal da Laracha así como da infraestrutura informática necesaria para a axeitada xestión do servizo.
- Prestalo servizo na forma que lle sexa ordenada polo Concello, sen apartarse do contido dos pregos e en base ao Regulamento municipal do servizo de axuda no fogar en vigor en cada momento. Asumindo a prestación dos servizos con obxectivos claros de ofrecer un servizo de calidade e de carácter social, que require dunha permanente disposición organizativa, unha ampla flexibilidade e adaptación ás diferentes situacións que poidan xurdir.
- Obter todas as autorizacións que sexan necesarias para a realización dos servizos obxecto do contrato, segundo a normativa vixente.
- Expoñer publicamente o regulamento de funcionamento dos servizos obxecto deste contrato así como a disposición de libro de reclamacións.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- A empresa atenderá ás persoas beneficiarias nos días e horas sinalados independentemente da organización do seu persoal a efectos de descanso semanal, vacacións, enfermidade, etc.
- A empresa disporá dos medios telemáticos e persoais necesarios para garantir a correcta comunicación co Concello da Laracha en horario de 8:00 a 15:00, así como para poder realizar todas as xestións necesarias durante toda a banda horaria de prestación do servizo.
- Cumprir as directrices do Regulamento Xeral de Protección de Datos persoais (RXPDP, regulamento UE 2016/679).
- Para unha correcta coordinación co servizo, a entidade deberá contratar persoal técnico en posesión do título de diplomada/o en Traballo Social, que exercerá as funcións de coordinación entre o Concello e a empresa adxudicataria de acordo co artigo 12.1 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, segundo a seguinte táboa.

Nº Persoas Usuarias	Persoal Técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a a xornada completa
100 – 199	2 técnicos/as a xornada completa
200 – 399	3 técnicos/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a a xornada completa

- A/O coordinador/a, durante o horario de atención do servizo, deberá de atoparse permanentemente localizable (mediante correo electrónico, teléfono fixo ou móbil) co fin de resolver todas as incidencias que poidan producirse .
- A empresa adxudicataria dirixirá as actividades e controlará o correcto



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

funcionamento das prestacións asignadas a cada persoa beneficiaria polos/as técnicos/as municipais., garantindo unha supervisión directa dos servizos efectivamente prestados no domicilio de cada persoa usuaria.

- Á recepción da comunicación da Alta no servizo a empresa deberá comunicar os datos da coordinadora/or de referencia, que será responsable da elaboración do Proxecto de Intervención de cada persoa usuaria, do seu seguimento e avaliación continuada comunicando os posibles relevos, sen prexuízo da facultade municipal de levar a cabo o seguimento polo persoal propio.
- Son funcións da coordinación da empresa, a comunicación, xestión e resolución, no caso de incidentes ordinarios e extraordinarios durante a prestación dos servizos a fin de regular a situación inicial presentada ata a súa resolución definitiva.
- As visitas a domicilio deberán realizarse coincidindo coa prestación do servizo no domicilio, de xeito que permita valorar o cumprimento das tarefas, a relación entre usuario/convivintes/coiadores de feito e auxiliar de axuda no fogar, a uniformidade e identificación da última.
- No prazo dunha semana posterior á visita de seguimento, a empresa adxudicataria deberá remitir ao Concello o informe debidamente suscrito, que dará conta dos incidentes e observacións do persoal auxiliar de axuda no fogar, da valoración e intervención técnica realizada pola súa coordinadora e da valoración das persoas usuarias respecto do servizo prestado, que se incorporará ao expediente.
- Deberá informar da xestión dos servizos obxecto do contrato aos servizos sociais comunitarios municipais, nos protocolos que se establezan e preferiblemente en soporte informático/telemática e coa periodicidade mínima que se detalla de seguido, e sempre que as circunstancias o fagan necesario, a requirimento do Concello:
  - Semanalmente. Parte de incidencias coa data de inicio da Alta efectiva do servizo, das extincións, as suspensións, as renuncias previas a alta e as modificacións da prestación, asemade das datas e os horarios das ausencias, indicando nome, DNI, modalidade de servizo distribución horaria, auxiliar e motivo.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- Bimensualmente, nos dez primeiros días do mes seguinte, os informes de seguimento dos proxectos de intervención de todos os usuarios dos servizos obxecto do contrato debidamente subscritos, polo persoal coordinador do servizo da empresa adxudicataria, onde se rexistrará o resultado do control de calidade realizado.
  
- A entidade informará periodicamente ós servizos sociais sobre o funcionamento do servizo, asumindo as directrices marcadas polos responsables dos Servizos Sociais en todo o referente á axeitada atención a cada persoa usuaria e ó bo funcionamento do servizo en xeral. A empresa dará aviso ós técnicos municipais de calquera incidencia ou alteración no estado da persoa beneficiaria ou de calquera circunstancias que varíe, agrave ou diminúa as necesidades persoais ou de vivenda dos/as usuarios/as, a fin de realizar por parte de aqueles, os oportunos axustes.
- Salvo situacións excepcionais, ditaminadas polos técnicos/as municipais correspondentes, ou en casos de servizos extraordinarios (festivos...) a entidade adxudicataria tratará de facer os mínimos cambios para evitar desaxustes e intromisións na intimidade familiar.
- No caso de que se estime a necesidade de cambio na prestación, a entidade deberá comunicalo de forma expresa, razoando a previsible mellora na calidade do servizo a prestar.
- As substitucións na atención as persoas beneficiarias do servizo, a proposta do contratista, serán as mínimas imprescindibles, con causa xustificada e con aviso previo ó/á técnico/a responsable dos Servizos Sociais.
- Abrir un expediente por cada persoa beneficiaria dos servizos e a entrega anual do control da legalidade e da memoria anual respecto dos servizos prestados ó Concello da Laracha e obxecto deste contrato e a incorporalos no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPPS).
- O traballador/a social da empresa será o/a encargado/a elaborar o proxecto de intervención individualizado, en coordinación coas traballadoras sociais municipais. Unha vez concretados os obxectivos, as tarefas a realizar e os horarios faralle



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

chegar o documento á/ó auxiliar de axuda no fogar. Garantirá unha supervisión directa do servizo prestado, que será realizada sempre que sexa necesario, e como mínimo cunha periodicidade bimensual. Emitirá un informe individual de seguimento de cada supervisión ós Servizos Sociais Municipais. O informe conterá información relativa á evolución do/a usuario/a na prestación do servizo, nivel de adaptación, consecución de obxectivos, participación do contorno familiar, necesidade de cambio na intervención, e todas aquelas circunstancias relativas á calidade do servizo e o benestar do/a usuario/a. Calquera circunstancia relevante deberá ser informada de inmediato.

- A empresa adxudicataria deberá incorporar a todos os materiais que vaia a empregar na execución do contrato o anagrama do Concello da Laracha. Deberá proporcionar ás/ós auxiliares de axuda no fogar dous uniformes completos (bata ou pixama branco, mandís, mascarais faciais e luvas dun so uso). Tamén será obrigatorio un carné identificativo que os acredite como traballadores do servizo.
- O persoal adscrito o servizo deste contrato estará sometido o poder de dirección e organización da empresa adxudicataria(retribucións, horarios, instrucións, etc...). A empresa será o único obrigado e responsable do cumprimento de cantas disposicións legais resulten aplicables en relación co persoal. A dependencia laboral deste persoal é exclusiva da empresa adxudicataria, sen que que o Concello da Laracha asuma ningún tipo de responsabilidade ao respecto, debendo o xestor do servizo ter debidamente informado o seu persoal deste extremo.
- A empresa deberá dispoñer de profesionais suficientes para substituír de inmediato calquera ausencia que se produza (baixas laborais, vacacións, permisos e outras eventualidades), garantindo que a persoa usuaria deixa de percibir en ningún momento a prestación do servizo e respectando o horario establecido.
- A empresa deberá garantir que calquera profesional que interveña na prestación dos servizos faga só as actividades e tarefas para as que contan coa titulación legalmente esixible.
- A empresa adxudicataria non poderá encomendar a realización do servizo ao persoal que teña relación de parentesco coa persoa usuaria desta, ata o 2º grao de





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

afinidade e o 3º de consanguinidade.

- Os traballadores deberán ter formación técnica en materias propias do servizo que deben levar a cabo. As/os auxiliares do Servizo de Axuda a Domicilio contarán coa formación e coas autorizacións que a lexislación esixa ou -nun futuro- poida esixir. A tal efecto a empresa adxudicataria do servizo de axuda no fogar deberá contar cun plan anual retribuído de formación cun mínimo de 30 horas que deberá recoller, en todo caso, os obxectivos, a metodoloxía, a relación de accións formativas, e o número de horas de formación ás que cada traballadora e traballador terá dereito
- A empresa comunicará por escrito (ou mail) a data de inicio real do servizo e nome da/o auxiliar asignada/o ao/á usuario/a. Acudirá ás reunións ás que se lle convoque por parte do Concello a fin de coordinar actuacións, seguimento de casos, cuestións xerais.
- Cambiar de Auxiliar de Axuda no Fogar, cando este non se adapte ó perfil axeitado e xurda outra dificultade valorada conxuntamente pola/o traballador social da empresa e dos servizos sociais municipais.
- En caso de que os adxudicatarios teñan parte do seu persoal en período de formación ou en practicas, estas últimas realizaranse sempre en compañía dun/dunha auxiliar de Axuda a Domicilio con suficiente experiencia, previo consentimento do técnico municipal responsable do Servizo, e da persoa usuaria.
- A entidade adxudicataria aceptará alumnos de formación en prácticas: auxiliares de axuda a domicilio, traballadoras/es sociais, educadoras/es sociais, asistentes persoais, terapeutas ocupacionais, psicólogos/os, etc... que en ningún caso poderán substituír un posto de traballo, e que realizarán as prácticas acompañadas/os por un profesional dependente do prestador do servizo.
- A empresa será responsable da calidade técnica dos servizos realizados así como das consecuencias que se deduzan para o Concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas da execución do contrato. Serán por conta do adxudicatario as indemnizacións que se poidan reclamar por danos ou perdas con ocasión da prestación do servizo por causa imputable a ela ou



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

ao persoal ao seu servizo.

## **7. OBRIGAS DOS/AS AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR**

- Non prestar o servizo de axuda no fogar en caso de ausencia da persoa titular.
- Axustar as súas tarefas ao proxecto establecido previamente polo técnico responsable.
- Respectar sempre e inescusablemente a intimidade do usuario e gardar a debida confidencialidade.
- Cumprir as medidas de seguridade e hixiene establecidas na lexislación vixente.
- Non realizar tarefas no domicilio fora do horario establecido no proxecto establecido.
- Non dispor de ningún xogo de chaves dos domicilios dos usuarios nos que traballa, exceptuando cando as condicións do caso así o esixan, con previa comunicación ao concello e sempre co consentimento do técnico municipal de servizos sociais e do usuario.
- Non ir acompañado de ninguén alleo ao servizo cando accede ao domicilio.
- Non trasladar no seu vehículo aos usuarios en ningún caso.
- Non aceptar calquera tipo de gratificación, doazón ou contraprestación económica por parte dos usuarios.
- Non convivir coa persoa usuaria do servizo.
- Eludir todo conflito persoal cos usuarios e cos restantes membros da unidade de convivencia, informando expresamente ás traballadoras sociais municipais de todo incidente para que se resolva.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

A entidade contará e expoñerá publicamente o regulamento de funcionamento do programa, incluíndo como mínimo o seguinte:

- Ámbito de actuación.
- Dereitos e deberes dos usuarios e da entidade.
- Descrición dos servizos que se presta.
- Procedemento para as altas, baixas, modificación ou suspensión do servizo.
- Protocolo para o inicio da prestación efectiva.
- Modelo de acordo de servizo entre o usuario e a entidade.
- Horarios de atención ao público na oficina base do programa.
- Límites horarios para a prestación do servizo.
- Réxime de visitas aos domicilios do técnico que leve o programa.
- Protocolo de actuacións en caso de emerxencia.
- Protocolo de substitución de persoal auxiliar de axuda no fogar e de cesación do servizo.
- Protocolo de actuación no caso de queixa no libro de reclamacións.
- Cadro de persoal.
- Cadro de prezos.

-Teranse en conta tamén todas as obrigas recollidas no Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello da Laracha en vigor.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## **8. PROTECCIÓN DE DATOS**

A entidade adxudicataria e o persoal que empregue obríganse ao cumprimento estrito das normas vixentes en materia de protección e tratamento de datos de carácter persoal en relación cos que coñezan por razón da realización do servizo e, así mesmo, ao respecto do segredo profesional cumprindo as directrices do Regulamento Xeral de Protección de Datos persoais (RXPDP, regulamento UE 2016/679)

A empresa adxudicataria do servizo absterase de obter outros datos persoais das persoas usuarias, distintos dos subministrados polo Departamento de Servizos Sociais, así mesmo os datos facilitados dende o citado Departamento non poderán empregarse para outros fins distintos aos establecidos no programa de axuda no fogar, quedando prohibida a súa publicación, e/ou utilización para outras actividades alleas ao servizo e ao Departamento de Servizos Sociais do Concello da Laracha.

## **9. RESPONSABILIDADE CIVIL**

En caso de accidente ou de prexuízo de calquera xénero que lle ocorra ás persoas usuarias durante ou a causa do servizo, así como ao persoal da empresa con ocasión do exercicio das súas funcións, a empresa adxudicataria cumprirá co disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de modo algún ao Concello da Laracha.

A empresa adxudicataria deberá presentar, despois da adxudicación e antes da sinatura do contrato e do comezo dos traballos, copia da póliza de responsabilidade civil, así como certificado ou documento acreditativo expedido pola entidade aseguradora de que se encontra ao corrente dos pagos. Asemade, estará obrigado a presentar ao vencemento da póliza, o recibo acreditativo do pago da póliza correspondente. Dita póliza cubrirá os danos que puidesen producirse durante a execución do contrato.

## **10. MEDIDAS EN CASO DE FOLGA**



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

No suposto eventual de folga xeral ou folga no sector ao que pertencen os/as traballadores adscritos ao servizo, a empresa adxudicataria comprométese a manter informada á entidade local das incidencias e coordinará coa Concellería de Servizos Sociais os servizos mínimos, que cubrirán na súa totalidade a intensidade da prestación do SAF no caso de usuarios con dependencia segundo o seu proxecto de intervención.

Unha vez finalizada, a entidade adxudicataria deberá presentar, no prazo máximo dunha semana, un informe -coa conformidade da persoa coordinadora do servizo- no que se indiquen os servizos mínimos realizados e o número de horas ou servizos que se deixaron de realizar.

Unha vez comprobados os incumprimentos producidos como consecuencia da folga, a entidade municipal valorará as deducións que correspondan na factura. Esta valoración comunicaráselle por escrito á empresa adxudicataria.